

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: Ceip de Cedeira
CURSO: 5º EP
MATERIA: Lengua castellana
DEPARTAMENTO:
DATA: maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoita atenta e incorporación ás intervencións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.1.3. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo á súa idade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.8.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, para obter información e verificar a comprensión.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de outras persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.9.1. Resume entrevistas, noticias e debates infantís... procedentes da radio, televisión e da internet. ▪ LCB1.9.2. Transforma en noticias feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Ler, en voz alta e en silencio, diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.1.3. Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía do ámbito escolar e social: ▪ LCB2.1.4. Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Utilizar as estratexias de control do proceso lector (anticipación do significado, formulación de hipóteses, uso do dicionario, relectura). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.2.3. Identifica as palabras clave dun texto. ▪ LCB2.2.5. Relaciona a información contida nos gráficos e ilustracións e a relaciona coa información que aparece no texto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Utilizar diferentes fontes e soportes para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicarlos en traballos persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.4.3. Identifica o argumento de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora, xénero.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.7.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos): diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas... ▪ LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas. ▪ LCB3.1.4. Elabora un informe seguindo un guión establecido que supoña a procura, selección e organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico. ▪ LCB3.1.6. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.3.1. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas

<p>escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.</p>	<p>propias do nivel nos seus textos escritos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.3.5. Aмосa na evolución dos seus escritos interese e esforzo por escribir correctamente de forma persoal.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Utilizar de xeito autónomo o dicionario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.4.1. Utiliza habitualmente o dicionario, en diferentes soportes, no proceso de escritura.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis... facendo ilustracións e buscando imaxes dixitais para facilita a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos, homófonos, frases feitas na súa expresión oral e escrita. LCB4.2.2. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas. LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións nos textos orais e escritos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB4.3.2. Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario. ▪ LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas axeitadas ao nivel e aplícaas nas súas producións escritas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.4.3. Aplica as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto. LCB4.4.4. Utiliza os signos de puntuación nas súas producións escritas ▪ LCB4.4.5. Aplica as normas do uso da til nos textos de elaboración propia. ▪ LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade, como apoio e reforzo da aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Integrar a lectura expresiva, a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos básicos da linguaxe literaria e diferenciar as principais convencións formais dos xéneros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB5.2.2. Interpreta a linguaxe figurada, en textos literarios.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB5.3.1. Distingue algúns recursos retóricos e métricos básicos propios dos poemas. ▪ LCB5.3.2. Utiliza comparacións, metáforas, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Análise das producións feitas polo/a alumno/a e entregadas a través dos medios establecidos (correo electrónico). Intercambios orais co alumnado nas videoconferencias establecidas para a materia. Análise da participación do alumnado no foro habilitado para a materia e a través do correo electrónico.</p> <p>Instrumentos: Rúbrica para análise e valoración das producións. Análise e corrección mediante escalas de valoración dos traballos presentados. Escala de valoración da participación polas canles establecidas.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Segundo as instrucións realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado. Entrega de traballos e tarefas propostas: 60% Participación no foro da materia: 20% Participación nas videoconferencias da materia: 20%</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.</p> <p>Criterios de avaliación: Serán iguais que para o resto do alumnado, na parte que corresponde ao traballo proposto para este trimestre; realizarán un programa de recuperación de avaliacións pendentes, establecido para o alumnado con pendentes. No caso da materia de lingua castelá, consistirá na realización e entrega dunhas actividades que recollan os contidos da avaliación suspensa, así como unha proba de lectura e comprensión escrita, realizada por videoconferencia co alumno/a en que tivese algunha avaliación que recuperar.</p> <p>Criterios de cualificación: Entrega e valoración do traballo xeral: 40% Entrega e valoración do traballo específico de recuperación: 40% Realización da proba oral individual: 20%</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Entrega e valoración do traballo proposto, tanto xeral como específico para ese alumnado.</p>

No PLAN DE RECUPERACIÓN inclúese unha serie de actividades relacionadas cos contidos curriculares mínimos, que deberán de entregar por correo electrónico, así como a produción dun texto curto e lectura oral e respostas a preguntas de comprensión sobre o texto, realizadas por videoconferencia individual coa mestra.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes. A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Neste curso comezamos o programa E-Dixgal en 5º polo que todo o alumnado conta con medios tecnolóxicos para o seguimento telemático do curso, así como acceso á plataforma EVA. A proposta e seguimento dos contidos e actividades faise a través desta plataforma, así como empregando as videoconferencias, que organizamos de forma coordinada entre a mestra-titora, a mestra PT do programa ARCO, a mestra do programa REFÓRZATE e a mestra de AL do colexio. Organizamos a clase en varios grupos, que se conectan todos os días da semana a través de videoconferencia. As dúbidas e explicacións de contidos realízanse a través do foro da materia, do correo electrónico e das videoconferencias establecidas.
Materiais e recursos	O alumnado fai uso de ordenador e/ou tabletas, móbil, todos eles con conexión a internet. O alumnado levou para casa todo o material en papel que precisaba, así como outro material funxible. Tamén facemos uso do servizo de fotocopias que proporciona o Concellería de Ensino do Concello de Redondela, para facilitar ás familias os recursos en papel que precisan os seus fillos e fillas. Páxinas web e aplicacións axustadas aos contidos e competencias que traballamos.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Toda a información relativa ás actividades está subida á plataforma EVA EDIXGAL.</p> <p>As correccións fanse nas videoconferencias ou a través de correo electrónico.</p> <p>As comunicacións coas familias fanse a través do teléfono, de abalar e do correo electrónico.</p> <p>Tanto o alumnado como as súas familias están sendo informadas puntualmente dos procesos de realización, seguimento e recuperación da materia.</p>
Publicidade	<p>As adaptacións das programacións faranse públicas na páxina web do centro.</p>